



QUE VOLVAN OS BUQUES XA!

A pesar das informacións interesadas da Armada española dando a entender que a fragata *Méndez Núñez* e o buque de aprovisionamento de combate *Patiño* navegan polo Mediterráneo por mor da guerra de Ucraína, non é así.

AMBOS BUQUES ESTÁN INTEGRADOS NA FLOTILLA QUE ACOMPAÑA Ó PORTAVIÓNS *GERALD R. FORD*, O MÁIS GRANDE DA ARMADA ESTADOUNIDENSE, ENVIADO POLO SEU GOBERNO EN APOIO DE ISRAEL.

Isto non é unha suposición da **CGT**. Como no caso dos crimes de guerra e de lesa humanidade que o Estado sionista-fascista está a cometer a ollos do mundo enteiro, EEUU tampouco se agacha: as propias redes sociais da OTAN informan de que a *Méndez Núñez* "está operando co *Gerald R. Ford*. no Mediterráneo oriental" e que o *Patiño* é "esencial para soste os barcos [da flotilla] en operacións".

Isto é unha **VERGOÑA**. Non abonda con que o Estado español vote na ONU a favor dunha resolución (que ficará en papel mollado polo veto ianqui). Non abonda con que o presidente do goberno pida unha conferencia de paz para dentro de 6 meses. **É necesario parar a masacre XA!**

Tanto a *Méndez Núñez* como o *Patiño* foron construídos na nosa factoría. **PERO NON OS CONSTRUÍMOS PARA QUE COLABOREN NUN XENOCIDIO.**

A **CGT** cre, e así o vai propoñer no comité de empresa, que é necesario mobilizarnos como traballador@s de Navantia-Ferrol para esixirlle a este goberno que deixe de ser cómplice do xenocidio:

- 1) **VOLTA INMEDIATA DA MÉNDEZ NÚÑEZ E DO PATIÑO.**
- 2) **ANULACIÓN DE TODA COLABORACIÓN DE NAVANTIA CON EMPRESAS ISRAELÍS.**
- 3) **RUPTURA DE RELACIÓNS DIPLOMÁTICAS E COMERCIAIS CON ISRAEL.**

**NON NO NOSO NOME!
ALTO Ó XENOCIDIO!**

A CAUSA DE PALESTINA É A CAUSA DA HUMANIDADE!